

# BROKER

Hirokazu Koreeda, 2022

# 1046

ESTREA EN NUMAX: 23.12.2022 | V.O.S.E. | +12 | 129 min

Unha noite chuviosa unha moza abandona o seu bebé ás portas dunha igrexa. Este é recollido por dous homes que se dedican a roubar bebés abandonados para vendelos a pais dispostos a pagar unha tarifa. Cando a moza regresa á igrexa, arrepentida, descobre o negocio ilegal dos homes e decide unirse a eles para atopar os pais adoptivos máis adecuados. Neste viaxe por estrada pouco usual, o destino dos que se cruce na vida do neno cambiará radicalmente.

Subtitulado ao galego co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

«Imposible non emocionarse»

Elsa Fernández-Santos, EL PAÍS



## Entrevista con Hirokazu Koreeda: «Cada actor que aparece na película, bebé incluído, fixo un traballo extraordinario»

**Cal foi o punto de partida de *Broker*?** Cando estaba a rodar *De tal pai, tal fillo* (2013), empezáronme a chamar a atención conceptos como as caixas de bebés e a adopción. Creo que ese interese reforzouse porque o meu fillo naceu por esa época. En Xapón, descubrín que existían as caixas de bebés grazas a un libro e logo tiveron a oportunidade de profundar no tema. Investigando pola miña conta, descubrín que en Corea tamén había algo parecido ás caixas de bebés e que era moito máis frecuente o seu uso. Ademais, era un tema de debate na sociedade, non como en Xapón. Por aqueles tempos, tamén andaba en conversacións con Song Kang-ho, Kang Dong-won e Bae Doona para facer unha película xuntos en Corea. Sentía que con eles podía converter esa idea que tanto me interesaba nunha película. Así empezou *Broker*.

**Que tipo de historia quere contar con *Broker*?** Mentres escribía o guión e me documentaba en Corea, coñecín historias de rapaces aos que abandonaran en caixas de bebés. Non paraban de preguntarse se deberían ter nacido e sentín a necesidade imperante de facer unha película que lles dese resposta. Desde o principio, expúxeno como a historia dun traficante que vendía os bebés que depositaban na caixa, pero á vez quería que fose unha historia sobre como dúas mulleres se volven nais a través da relación co bebé. Cun tema así, non quería que a película tivese un final no que os nenos abandonados se arrepentisen de ter nacido, nin a nai de telos. Quería que a mensaxe da película fose: «É bo ter nacido». Por iso, *Broker* é unha película sobre a vida.

**Cales foron os seus motivos para escoller a Song Kang-ho, Kang Dong-won, Bae Doona, Le Ji-eun e Le Joo-young como actores?** Para empezar, para o personaxe de Sang-hyun tiveron a Song Kang-ho en mente desde que empecei a estruturar o guión. Pensei que o personaxe, tan aparentemente materialista pero tan humano á vez, sería unha forma vistosa de resaltar as dúas facetas de Song Kang-ho como actor. En canto a Kang Dong-won, impresionoume moito na película *Secret Reunion* (Jang Hoon, 2010). Recordo especialmente a súa mirada na película, era moi penetrante pero tamén transmitía soidade. Ademais, quería rodalo cunha enorme pena cargada neses ombreiros tan anchos. E con respecto a Bae Doona, mandeille as 4-5 páxinas do borrador da trama. Logo coincidimos en Xapón e falamos de como convertelo nunha película. Bae Doona é unha experta en encher eses pequenos baleiros que van máis aló da interpretación. Por exemplo, as pausas sutís nunha frase ou entre diálogos. En canto a Le Ji-eun, namorei por completo dos seus matices interpretativos. Ademais a súa voz lixeiramente rouca cativoume.

**Durante a rodaxe, houbo problemas de comunicación entre os actores e o equipo por falar distintos idiomas?** Pode haber problemas de comunicación mesmo entre quen fala o mesmo idioma. Pásame ata cando traballo en Xapón. O importante é ver como superas ese obstáculo. No noso caso, superámolo compartindo espazos e admirando o ben que saían as tomas ou o ben que se interpretaron. Superar a barreira idiomática desa forma foi unha experiencia marabillosa.

**Que tipo de película espera que sexa *Broker* para o público?** Creo que lle corresponde ao público decidir que lle parece a película. Con todo, podo afirmar con total seguridade que cada actor que aparece na película, bebé incluído, fixo un traballo extraordinario. É unha película na que se goza coas interpretacións. Espero que os espectadores tiren proveito diso.